

# Especificacións metodolóxicas das consultas de **contratos**

Para a caracterización e definición da información contida no apartado de contratos, elaborouse este espazo de axuda e orientación ao usuario da páxina web.

## 1.- ¿Qué é un contrato de traballo?

O Servizo Público de Emprego define o contrato de traballo como un acordo entre empresario e traballador polo que este se obriga a prestar determinados servizos por conta do empresario e baixo a súa dirección a cambio dunha retribución.

## 2.- Bases de datos

A información contida neste punto foi elaborada a partir da base de datos de contratos do **Servizo Público de Emprego de Galicia**. Esta base de datos corresponde a un rexistro primario dos contratos laborais establecidos no ámbito da Comunidade Autónoma galega, e, debido ao seu carácter obrigatorio, salvo erros de introdución, constitúe un fiel reflexo das cifras de contratos.

Nesta aplicación ofrécense datos sobre o número total de contratos rexistrados, contabilízanse todos eles independentemente de que unha persoa poida ter varios contratos de traballo no mesmo período seleccionado.

### 3.- Consultas

As consultas de contratos son as distintas agrupacións de datos que se poden realizar para caracterizar a información contractual. Deberanse establecer criterios espaciais e temporais do seguinte xeito:

**AMBITO TERRITORIAL:** a información pódese obter a nivel **autonómico, provincial, comarcal ou local.**

- Pódense seleccionar unha ou varias provincias galegas, comarcas ou concellos para obter toda a información nun mesmo informe. Este informe ten como resultado a suma total de contratos rexistrados nos territorios seleccionados en base as variables que o usuario solicitara.
- Marcando en calquera das provincias, automaticamente, no seguinte filtro, aparecerán as comarcas que pertencen a dita provincia. O mesmo caso sucede marcando unha comarca e obtendo no seguinte filtro os concellos pertencentes a mesma.

**AMBITO TEMPORAL:** a información pódese obter de xeito **anual ou mensual.**

- O dato anual ofrece como resultado o total de contratos rexistrados e introducidos no proceso estatístico desde Xaneiro ata Decembro, trátase pois, dun dato acumulado.
- O dato mensual ofrece como resultado o total de contratos rexistrados e introducidos no proceso estatístico desde o día 1 do mes seleccionado ata o último día do mesmo, tamén de forma acumulada.

Débese sempre marcar un determinado período ou espazo temporal á hora de solicitar un informe, de non ser así, o resultado do informe englobará todos os meses ou anos dos que se dispoñen na aplicación.

#### **4.- Observacións sobre os informes dispoñibles no apartado de contratos**

En relación co conxunto das consultas que configuran a información contractual, hai que destacar as seguintes especificacións:

a) **INFORMES QUE CONTEÑEN DATOS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS ( CNAE )**

Nos datos referidos a actividades económicas, utilízase como referente a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) do ano 2009.

Existe a posibilidade de obter estes datos en dúas desagregacións: a máis ampla, composta por dezasete apartados, corresponde ao nivel das seccións; a máis agregada refírese aos grandes sectores da economía: primario, secundario, construción e servizos.

b) **INFORMES QUE CONTEÑEN DATOS DE OCUPACIÓNS**

Os grandes grupos de ocupación que aparecen nas consultas corresponden á desagregación vertical máis sinxela da Clasificación Nacional de Ocupacións ( CNO ) do ano 2011. Comprende nove grupos ocupacionais diferenciados entre si basicamente pola maior ou menor cualificación que presentan.

No informe das ocupacións máis contratadas realízase unha desagregación a catro díxitos. Polo tanto, trátase realmente de conxuntos de ocupacións afíns situados a un mesmo nivel profesional. Por defecto sempre aparecerán as dez ocupacións máis contratadas para os ámbitos femininos ou masculinos, tendo a opción no mesmo cadro de resultados de seguir vendo o total de ocupacións pinchando no enlace final que indica “total”.

c) **INFORME DE VALORES MÁXIMOS PARA CADA VARIABLE**

Os informes que fan referencia aos valores máximos que poidan acadar os distintos indicadores do mercado laboral, consisten nun compendio dos valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

d) **INFORME DE RESUMO DAS PRINCIPAIS VARIABLES DOS CONTRATOS**

Ofrécenos para o período e espazo seleccionados un solo informe con todos os resultados das variables posibles ofertadas pola aplicación.

**e) PARA TODOS OS INFORMES**

Segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, incorporouse a esta aplicación a consideración técnica de non mostrar os datos menores ou iguais a tres e substituílos por unha “x”, dado que se consideran datos protexidos pola citada lei orgánica.

Ademais as casillas en branco corresponden ao valor “0”. Se todas as casillas dunha fila/columna teñen valores “0”, esta fila/columna non aparece no informe.

**f) APARTADO “AXÚDENOS A MELLORAR”**

Neste apartado o usuario poderá plantexar todas as dúbidas ou suxestións que desexe sobre o funcionamento da aplicación.